

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA PARTICIPACIÓN DA ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA NO NODO ESPAÑOL EUROPEAN MARINE BIOLOGICAL RESOURCE CENTRE (EMBRC)

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2018

D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos(modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

D. MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/201, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambios no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

SEGUNDO

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro). Encóntrase adscrita á Consellería de Economía e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO

Que a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 da citada Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da capacitación de recursos para o seu desenvolvemento.

CUARTO

Que a UVIGO é unha entidade de Dereito Público que, xunto coa misión docente, desenvolve actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

QUINTO

Que o 16 de xuño 2006 inaugurouse a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (en adiante ECIMAT-UVIGO), Centro Propio de Investigación da Universidade de Vigo adicado ao estudo do Medio Mariño e especialmente ao estudo dos Recursos Biolóxicos Mariños.

SEXTO

Que o EMBRC (European Marine Biological Resource Centre; www.embrc.eu) é unha infraestrutura de investigación mariña pan-europea, con instalacións de vangarda para a investigación e formación situadas en Estacións Mariñas líderes en Investigación, que pon a disposición dos usuarios da comunidade científica (PEMES, Universidades, Centros de I+D+i, Industria,..) o acceso ao conxunto dos ecosistemas mariños e organismos dos mares litorais de Europa e constitúese como principal provedor de infraestruturas, servizos, ecosistemas mariños, datos e series temporais para investigación dos recursos biolóxicos mariños e da biotecnoloxía mariña, mediante un punto de acceso único que é a Sede Central de EMBRC.

SÉTIMO

Que EMBRC foi creada como resultado dun proceso ESFRI (European Strategy Forum on Research Infrastructures), séndolle outorgado o status de ERIC (Consorcio Europeo de Infraestruturas de Investigación) o 20 de febreiro de 2018, dando comezo así á súa fase de operación como infraestrutura.

OITAVA

Que desde o 28 de Xuño de 2013 a ECIMAT-UVIGO participou como membro asociado de EMBRC, integrando xunto coa Estación Marina de Plentzia (en adiante PIE-UPV/EHU) a representación española na devandita proposta de infraestrutura. O proceso de plena incorporación de España ao EMBRC, aberto coa carta de invitación, completouse o 22 de setembro de 2014, mediante a firma por parte do Ministerio de Economía e Competitividad (en adiante MINECO) dun Memorando de Entendemento (MoU polas súas siglas en inglés). Sendo ECIMAT-UVIGO e PIE-UPV/EHU, as estacións mariñas que integran o Nodo Nacional de EMBRC en España.

NOVENA

Que o 29 de decembro de 2017 o Ministerio de Economía, Industria y Competitividad asinou un Convenio de Colaboración coa Universidade de Vigo a a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea para regular a participación de España na infraestrutura europea EMBRC-ERIC, adicada á investigación dos recursos biolóxicos mariños.

Que no Anexo I e na cláusula terceira deste convenio establécense as contribucións máximas de España a EMBRC-ERIC para o desenvolvemento das actividades propias da infraestrutura durante o período 2018-2022 e as obrigas que cada un dos organismos e entidades representantes de España asume pola súa participación no Consorcio.

DÉCIMA

Que o desenvolvemento dun “Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación”, especialmente dos recursos mariños e coa utilización da biotecnoloxía como Tecnoloxía Facilitadora Esencial, aparece como o primeiro dos retos identificados na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia).

UNDÉCIMO

Que na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia contéplase un instrumento de “COOPERACIÓN CON HORIZON 2020 NO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS COLABORATIVOS DE I+D+I” co obxectivo de, entre outros, dinamizar a participación de axentes galegos nas grandes iniciativas de H2020 tales como artellamento de Grupos Operativos rexionais para a “European Innovation Partnership (EIP)” de agricultura sostible, fomento de iniciativas para a posta en marcha de asociacións público-privadas no ámbito das tecnoloxías estratéxicas, no marco das “Joint Technology Initiatives (JTIs)” ou calquer outra iniciativa deste tipo que poidan xurdir.

DUODÉCIMO

Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a financiar custes asociados á participación no EMBRC, unha das infraestruturas internacionais incluídas no mapa de ruta do Foro Estratéxico Europeo de Infraestruturas (ESFRI), co fin de dinamizar a participación de axentes galegos nas grandes infraestruturas internacionais.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que é a ECIMAT-UVIGO a única infraestrutura galega incluída no mapa de ruta do Foro Estratéxico Europeo de Infraestruturas de Investigación (ESFRI).

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Vigo para o financiamento dos custes asociados á participación da Universidade de Vigo, a través da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, no European Marine Biological Resource Centre co fin de dinamizar a participación de axentes galegos nas grandes infraestruturas internacionais.

SEGUNDA.- Condicións económicas

- GAIN comprométese a colaborar cunha achega económica anual do 50% da contribución total (monetaria e en especie) que a UVIGO deba facer no EMBRC-ERIC durante o período 2018-2022 segundo o estipulado no Anexo I Convenio de Colaboración EMBRC-ERIC, ata o importe máximo total de 170.687,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.444.0 (código de proxecto 2015 16). As contías máximas anuais indícanse a continuación:

ANUALIDADES					
Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe 2021	Importe 2022	Total
34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	170.687,50 €

- A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada por GAIN poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).
- De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da

UVIGO de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

TERCEIRA.- Pagamento e xustificación.

GAIN efectuará o libramento do 50% da contribución anual que a UVIGO faga ao nodo español do ERIC EMBRC. En todo caso, as achegas máximas anuais serán as que se indican a continuación:

ANUALIDADES					
Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe 2021	Importe 2022	Total
34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	34.137,50 €	170.687,50 €

En cada anualidade os correspondentes importes faranse efectivos contra a presentación pola UVIGO da seguinte documentación:

1. Para a xustificación da cota unha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente da universidade na que se da toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin.
2. Para a xustificación dos gastos de persoal da UVIGO que traballa no nodo EMBRC-ERIC: unha certificación dos custos de persoal imputados no convenio emitida pola Intervención ou órgano que teñan atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade detallada por meses do persoal adicado á execución das actividades do convenio, onde se especifique que ditas persoas están traballando dentro do programa, e que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto de traballo, custo bruto salarial mensual imputado ao convenio, data de pago, e de ser o caso o importe da Seguridade Social con cargo ás universidades e a data de pago. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación o importe poderá ser xustificado na anualidade seguinte.

Non será financiábles os custos do persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma.

Con data límite do 17 de decembro de cada anualidade presentarase toda a documentación da

realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) e a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e de non ter débedas coas administracións.

CUARTA.- Compromisos e autorizacións

1. A UVIGO comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Contabilizar de forma separada a súa actividade económica e non económica de modo que se poida distinguir con claridade entre ambos os dous tipos de actividades e entre os seus respectivos custos e financiamento.
- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial

de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.

QUINTA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN e dous representantes da UVIGO, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirse tantas veces o solicite algún dos membros. Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA.- Control

GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar e supervisar que as actividades obxecto deste convenio progresan adecuadamente e se alcanzan os obxectivos programados.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

SÉTIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarase mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Este convenio está vinculado ao convenio do 29 de decembro de 2017, citado no expoñendo número noveno, de maneira que calquera cambio neste último repercutirá no presente, modificándose a través das correspondentes addendas.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola UVIGO ou a ampliación do prazo de execución.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.

- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A axuda que se concede, dado que as actividades de fomento da investigación non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non ten a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2014/ C 198/01). En todo caso, a UVIGO queda obrigada a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2018.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

POLA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

Francisco José Conde López

Manuel Joaquín Reigosa Roger